

O financiamento público de cursos privados pon en cuestión a política cultural da Xunta

O conselleiro de Cultura, José López Campos, declarou esta cuarta feira que se trata "dunha cesión de espazo"

[Manuel Xestoso](#)

27 de agosto de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/aelg-denuncia-financiamento-publico-cursos-privados-elite-gaias/20260827080003265289.html>

O debate sobre o financiamento público e as prioridades da política cultural e lingüística en Galiza volve ao centro da opinión pública. A faísca que acendeu os ánimos foi a denuncia pública da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) en relación a un curso anual de escritura creativa acollido na Cidade da Cultura, xestionada pola Xunta de Galicia a través da Fundación Cidade da Cultura de Galiza. Organizado pola 'Escuela de Escritores, S. L.', entidade privada con sede en Madrid e baixo a dirección de **Javier Segarra**, o curso conta coa colaboración desta Fundación. Esta alianza suscita preguntas incómodas: é lícito que a Xunta financie e dea soporte loxístico a unha actividade privada de alto custo e con fins lucrativos de fóra do país? Debe o diñeiro público servir para apoiar proxectos privados que non redundan no tecido produtivo, cultural e asociativo galego?

Un dos aspectos máis rechamantes do curso que acolle o complexo do Gaiás é o seu prohibitivo custo económico: cada persoa matriculada debe desembolsar a cantidade de 2.350 euros por curso. Esta cifra sitúa a actividade fóra do alcance da maioría da poboación, converténdoa nun servizo de elite nun espazo público que se supón de todas e para todos. Resulta paradoxal que unha fundación pública instrumental como a Cidade da Cultura dedique as súas instalacións e prestixio a un curso cuxo prezo representa unha barreira insalvável para a cidadanía media.

Desde a AELG, por outra parte, sinálase que a estrutura deste curso é exactamente idéntica á que esta mesma empresa privada imparte noutras capitais españolas como Burgos, Zaragoza, Xetafe, Málaga ou Bilbao, limitándose simplemente a variar os docentes contratados en cada unha das localizacións. O curso expórtase en cadea, sen adaptación nin arraigo no sistema de Galiza, agás por incorporar escritores galegos na nómina.

Respecto ao profesorado

A inclusión de firmas locais na publicidade serve, segundo [Beatriz Maceda](#), vicepresidenta da AELG, como un elemento de lexitimación que no oculta a realidade de fondo: o negocio e a

estrutura proveñen de fóra do país. Maceda, en conversa con *Nós Diario*, aclara que o posicionamento "non se dirixe ás persoas que imparten o curso", cuxo traballo respectan, senón á "irregularidade" de empregar fondos públicos "para unha actividade que non redunda no fomento do galego nin na actividade literaria na nosa lingua".

[Cesáreo Sánchez Iglesias](#), presidente da AELG, insiste neste punto en declaracións a este xornal: "Nós non entramos a cuestionar o profesorado. Nós guiámonos polos pronunciamentos públicos das administracións e empresas. Non dubidamos da boa vontade de quen quere impartir este curso, pero o feito de que estas cousas se fagan con docentes que habitualmente escriben galego non nos pode levar a deixar de contestar unha conduta que consideramos irregular da Administración".

U-la normalización?

No deseño orixinal da actividade constaba que o idioma do curso sería o *español*. Esta elección choca frontalmente cos deberes legais de promoción e normalización do idioma propio da Galiza. Para a AELG, é inxustificábel que o máis grande complexo cultural do país destine recursos a acoller unha actividade formativa na que o galego é excluído como lingua vehicular, nun país cuxo idioma de seu atravesa unha delicada situación de perda de falantes.

A denuncia pública da AELG non tardou en provocar unha reacción, aínda que de carácter estritamente cosmético. Tras a difusión do comunicado da asociación de escritores, a páxina web de "Escuela de Escritores" modificou o apartado relativo á lingua do curso. Onde antes figuraba de forma exclusiva a palabra "Español", pasou a lerse "Castellano - Gallego". Con todo, para a dirección da AELG este cambio sobre a marcha non resolve o problema de fondo. Desde a asociación pregúntanse se esta emenda é un xesto real ou simplemente un intento de diluír as críticas sen alterar a natureza dunha actividade concibida orixinalmente en castelán e para un mercado de fóra..

Contravención do plan estratéxico

Esta colaboración pon en dúbida o cumprimento dos plans programáticos da administración galega. O presidente da AELG sinala que esta actividade vai en contra do *II Plan Estratéxico da Cidade da Cultura, 2021-2027*, nado para dar resposta "as necesidades e expectativas do sistema cultural galego". Sánchez pregunta como un curso privado de elite de fóra, organizado en español, pode axudar a este obxectivo.

Ademais, a proposta incumpre o artigo 7, apartado d) dos estatutos da Fundación, que recolle o deber de desenvolver actividades que "dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a nosa cultura e a formación dunha comunidade artística vibrante... atendendo tanto a novos talentos coma á cultura de base". Como sinala Beatriz Maceda, se a Xunta tivese interese real, "podería contar con entidades e escritoras do país sen necesidade de recorrer a un actor que claramente está situado fóra do sistema literario galego".

Unha política cultural para o país

Este episodio pon de manifesto unha fenda profunda sobre o modelo de xestión cultural da Xunta da Galiza. Por unha parte, unha visión que concibe a cultura como un contedor de eventos onde calquera empresa privada de fóra pode facer negocio baixo o amparo e patrocinio público. Pola outra, as voces creadoras do país esixen que as políticas públicas e o diñeiro de todos estean ao servizo da soberanía lingüística, da profesionalización dos axentes locais e da dinamización real da lingua e da literatura galegas.

A AELG maniféstase de maneira contundente: esta actividade privada non debe colaborar co Gaiás nin coa Xunta. O goberno debe reverter acordos con entidades que non fomenten a normalización nin contribúan ao sector do libro galego. Mentres as institucións calan, a pregunta segue na rúa: é esta a política cultural que precisa a Galiza, ou estamos a financiar co noso propio diñeiro a nosa desvalorización cultural?

Unha "cesión de espazo"

O conselleiro de Cultura, [José López Campos](#), declarou esta cuarta feira, a preguntas dos xornalistas, que se trata de "unha cesión de espazo" e lembrou que se poden usar as dúas linguas *cooficiais* da Galiza. A Escola de Escritores engadiu que tanto o profesorado coma o alumnado teñen liberdade para elixir calquera das dúas. Porén, as cuestións que atinxen ás orientacións que debe seguir a política cultural e o uso das infraestruturas públicas seguen sen ser respondidas.